



IES Desconto horarios

84. En virtude do establecido no punto cuarto da citada Orde do 1 de setembro de 1987, os profesores con responsabilidades directivas ou de coordinación docente terán, como máximo, segundo as disponibilidades de profesorado do centro, as **reduccións horarias semanais** que se indican a continuación.

-**En institutos tipo A:** directores, xefes de estudio, secretarios ata catorce períodos lectivos.

-**En institutos tipo B:** directores, xefes de estudio, secretarios ata doce períodos lectivos.

-**En institutos tipo C e tipo D** de 301 alumnos ou máis: directores, xefes de estudio, secretarios ata nove períodos lectivos.

-**En institutos tipo D de 300 alumnos ou menos e centros de tipo E:** directores, xefes de estudio, secretarios ata seis períodos lectivos.

Cando exista **vicepresidente** terá unha redución máxima, segundo as disponibilidades de profesorado do centro, de ata seis períodos lectivos no caso de institutos dos tipos A, B e C. No caso de centros de tipo D e E a redución será de tres períodos lectivos.

Os xefes de departamentos didácticos e de familia profesional previstos no Regulamento orgánico de institutos de secundaria terán unha redución de ata tres períodos lectivos como máximo. O anterior non será de aplicación para os xefes de departamentos unipersoais, que poderán reducir como máximo un período lectivo por ese concepto.

O coordinador do equipo de normalización lingüística poderá ter unha redución de ata tres períodos lectivos como máximo.

O profesor encargado do servizo de **biblioteca** e de documentación destinará tódalas horas complementarias, excepto a de reunión de seminario, para tal fin. En consecuencia non se lle asignará ningún grupo de titoría nin horas de garda fóra da biblioteca.

~~Os representantes dos profesores no consello escolar computaráselles dúas horas complementarias fixas por tal motivo; para iso, sempre que as disponibilidades do centro o permitan, non se lle asignará ningún grupo de titoría. En caso contrario as dúas horas descontarase das outras complementarias, segundo as prioridades que estableza a dirección do centro en función das necesidades.~~

O coordinador de formación en centros de traballo, cando exista, terá unha redución de ata tres períodos lectivos como máximo

Os **outros órganos de coordinación docente** propios da formación profesional específica terán as reducións que se establezan nas correspondentes ordes que desenvolven o dito tipo de ensinanzas.